



Wogade

PATINAXE ARTÍSTICA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

A modalidade de Patinaxe Artística desenvolverase a través de encontros de carácter lúdico e participativo, sendo organizada pola Secretaría Xeral Para O Deporte a través dos seus servizos provinciais, por ser neste curso 2014/2015 unha actividade deportiva escolar.

1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través da páxina Web: "xogade.xunta.es". Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte: "deporte.xunta.es".

A data de peche da inscrición é o 31 de decembro de 2014. Os equipos poderán ser masculinos, femininos ou mixtos indistintamente, e poderán participar conxuntamente.

2. PARTICIPANTES

Poderán inscribirse neste programa XOGADE na modalidade de patinaxe artística de grupos show, todos os centros de ensinanza, entidades, ANPAS, clubs, escolas deportivas municipais, etc.

Os equipos poderán ser masculinos, femininos ou mixtos indistintamente.

Cada entidade soamente poderá participar cun máximo de dous grupos por modalidade.

Cada patinador /a só poderá patinar unha vez por encontro, polo que non se poderá participar en grupos grandes e pequenos na mesma xornada.

Cada entidade participante ten a obriga de designar un delegado, que será o responsable dos seus patinadores durante o transcurso da competición.

3. CATEGORÍAS

PRIMARIA: 2006, 2005, 2004 e 2003

SECUNDARIA: 2002, 2001, 2000, 1999

MODALIDADES

GRUPOS PEQUENOS: Entre 6 e 12 patinadores/as

GRUPOS GRANDES: 13 ou máis patinadores/as

DURACIÓN DOS PROGRAMAS:

GRUPOS PEQUENOS: TEMPO MÁXIMO 3 minutos.

MARXE PERMITIDA +/- 10 segundos

GRUPOS GRANDES: TEMPO MÁXIMO 3 minutos.

MARXE PERMITIDA +/- 10 segundos

4. SISTEMA DE PARTICIPACIÓN

O programa deberá de ser presentado obrigatoriamente en soporte dixital, preferiblemente CD. No caso de empregar outro formato deberá contar co visto bo da organización.

Todos os clubs e entidades participantes deberán dispor dunha copia do CD por se o orixinal presentase problemas á hora da súa reprodución.

O tempo empeza a contar dende o primeiro movemento de calquera dos patinadores do grupo. En calquera caso, a coreografía debe comezar dentro dos 10 segundos dende o inicio da música.

O tempo do que dispoñen os grupos para entrar na pista a competir é de 30 segundos dende que son anunciados pola megafonía ata que comeza a soar a música. Unha vez transcorridos os 30 segundos, dará comezo a música, estea ou non o grupo-show en posición.

Na patinaxe individual no están permitidos os saltos con máis dunha volta de rotación. Soamente se permiten piruetas altas e baixas sen desprazados.

Non está permitida a patinaxe de parellas de artística.

Permítese os elementos ou pasos realizados en posición estacionaria. Non obstante, os programas que conteñan movementos estacionarios excesivos recibirán unha menor valoración.

A principal actuación dun GRUPO-SHOW debe ser o show, non a patinaxe de precisión. A principal diferenza entre estes dous tipos de grupos é que os GRUPOS DE PRECISIÓN amosan na súa actuación un estándar exclusivamente técnico coa execución duns elementos obrigatorios, mentres que os GRUPOS-SHOW son, como define a palabra en inglés, ESPECTÁCULO.

Os GRUPOS-SHOW deben interpretar na súa actuación unha MÚSICA e unha IDEA, de xeito que tanto o público coma os xuíces se decaten claramente de que o tema está en relación co título da actuación.

Non se permiten participantes sen patíns.

Non hai limitación na elección da música, pero a patinaxe, vestuario, movementos e demais accesorios ou complementos, deben estar en consonancia coa idea, a música e o título do programa elixido.

As decoracións teatrais non están permitidas. Só se permiten accesorios ou complementos que garden unha relación directa e unha harmonía co contido do programa, sempre e

cando sexan usados, estean suxeitos ou sexan tocados por un ou máis patinadores. Tampouco se permiten accesorios que se aguanten de pé por si mesmos.

ACLARACIÓN: Os patinadores só poderán abandonar o/os accesorios, contra a valo ou fóra del, nunca na pista.

Non existe limitación para o uso de anacos de tela.

As máquinas de néboa non están permitidas.

Xunto coas inscricións, cada grupo-show deberá remitir unha explicación de non máis de 25 palabras describindo o programa que van presentar. Estas descricións serán entregadas aos xuíces e serán lidas pola megafonía mentres o grupo está entrando en pista.

Está prohibido presentar un mesmo programa con diferente número de patinadores para grupo pequeno e para grupo grande nun mesmo encontro.

XUÍCES

Os xuíces preservarán a obxectividade da súa valoración, dispoñendo a organización un espazo libre arredor do xurado, de xeito que non se produzan interferencias por parte do público asistente. Estarán situados de xeito preferente ao longo do eixo lonxitudinal da pista, nunha posición elevada.

No caso de contar cun xuíz árbitro, será o interlocutor cos participantes para calquera reclamación.

PUNTUACIÓN

Valorarase segundo o sistema de puntuación que valora a actuación do grupo do 0 ao 10.

Outorgaranse dúas puntuacións:

A) Contido do programa:

- Orixinalidade
- Dificultades técnicas
- Ritmo
- Coreografía
- Ocupación do espazo

B) Presentación:

- Idea
- Harmonía entre movemento e música
- Adecuación do vestiario coa natureza do programa
- Creatividade

5. DATAS

ENCUNTROS PROVINCIAIS

(CATEGORÍAS PRIMARIA E SECUNDARIA) MARZO-ABRIL 2015

6. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de PATINAXE. www.fgpatinaje.com

Así mesmo, na páxina web do Programa Xogade, da Secretaría Xeral para o Deporte: <http://xogade.xunta.es>